

a estrada de Ousoño ó citado predio, practicándose o deslindamento en fase de execución de sentenza de conformidade co establecido no informe emitido polo perito Carlos Antonio Couso Folgueira, que consta en autos nos folios 38 ó 48, declarándose a nulidade e cancelación das inscricións rexistradas contradictorias co dito dominio, sendo as custas devengadas no procedemento de cargo dos demandados.

Notifíquese esta resolución, da que se unirá certificación ás actuacións con inclusión do orixinal no libro de sentencias, con indicación de non ser firme por caber contra ela recurso de apelación que se preparará, se é o caso, ante este xulgado e para a Audiencia Provincial da Coruña, dentro dos cinco días seguintes ó da súa notificación.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo.

Auto aclaratorio.

En Noia o 10 de marzo de 2003.

Parte dispositiva.

Declárase a sentenza recaída neste procedemento con data do 3 de marzo de 2003, dictada por este xulgado, nestes autos de xuízo ordinario 200/2002, suscitados polo procurador Salvador-Rafael Lamas González, en nome e representación de María Teresa Siso Creo, fronte a Dora Güeto Siso, Ramón Güeto Siso, herdeiros descoñecidos e incertos de Peregrino Güeto Lojo e Digna Siso Moledo, no sentido de facer constar como demandada a Dora Güeto Siso (e non Sison) e demandados os herdeiros descoñecidos e incertos de Peregrino Güeto Lojo (e non Lago) e Digna Siso Moledo, ademais de:

Déixense sen efecto os edictos librados e expídanse outros novos coa sentenza e esta resolución para notificación ós demandados rebeldes, no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios deste xulgado.

Contra esta resolución non cabe ningún recurso, sen prexuízo dos recursos que procedan contra a sentenza recaída. Os prazos comezarán a computarse desde o día seguinte ó da notificación desta resolución.

Así, por este auto, acórdao, mándao e asínoo María Elvira Gutiérrez Fernández, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous de Noia (A Coruña).

E para que conste e a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e para fixar no taboleiro de anuncios deste xulgado, para que lles sirva de notificación ós demandados rebeldes, herdeiros descoñecidos e incertos de Peregrino Güeto Lojo e Digna Siso Moledo, expídese este edicto en Noia o 10 de marzo de 2003.

A secretaria
Rubricado

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (895/2002).

Eu, Agustín Ignacio Pena López, secretario do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber que nos autos número 895/2002 seguidos por ins-

tancia de Beatriz Lens e outra contra a empresa *A Costa da Morte Diversión y Ocio, S.L.* sobre reclamación de cantidades, a maxistrada-xuíza deste xulgado, Isabel Olmos Parés, dictou sentenza, con data do 7 de marzo de 2003, coa seguinte parte dispositiva:

Que estimando a demanda presentada por Beatriz Lens Gómez e María del Pilar Guillomía Serrano, debo declarar e declaro o dereito das demandantes a percibi-la cantidade de 1.395,35 euros cada unha polos conceptos que se expresan no feito probado segundo desta resolución e, nese sentido, debo condenar e condeno a empresa *A Costa da Morte Diversión y Ocio, S.L.* a que, estando e pasando por tal declaración, lles aboe a cada unha das demandantes a cantidade de 1.395,35 euros en concepto de salarios e indemnización.

E debo absolver e absolvo ó Fogasa sen prexuízo da súa responsabilidade subsidiaria nos casos previstos no artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

Notifíquelles esta sentenza ás partes, facéndolles saber que en contra dela non poden presentar recurso de suplicación.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo.

E para que lle sirva de notificación á empresa *A Costa da Morte Diversión y Ocio, S.L.* que tivo o seu último enderezo coñecido na rúa da Calzada, 27-2º, Cee, 15270 A Coruña, e que na actualidade se descoñece, e co fin da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido e asínoo este edicto na Coruña o 7 de marzo de 2003.

O secretario xudicial
Rubricado

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DE SANTANDER

Edicto (1172/2002).

Eloísa Alonso García, secretaria do Social número catro de Santander fago saber que por proposta de providencia dictada no día da data, no proceso seguido por instancia de Guillermo Quevedo Mendoza, contra *Inversiones Convergentes, S.L., Seguranza Norte, S.L., ADT España Servicios de Seguridad, S.L., Fondo de Garantía Salarial, Seguranza y Sistemas de Seguridad S.L.* e *Inversiones y Seguridad 2001, S.L.*, en reclamación por despedimento, rexistrado co número 1172/2002, acordouse cita-las empresas *Inversiones Convergentes, S.L.*, e *Seguranza Norte, S.L.* en paradoiro descoñecido, co fin de que compareza o día trinta de abril de dous mil tres ás 11.20 horas da mañá para a celebración dos actos de conciliación e, se é o caso, xuízo.

Terán lugar na sala de vistas deste Xulgado do Social número catro sito en rúa Alta, 18 (pr. Juan José Ruano) debendo comparecer persoalmente ou mediante persoa debidamente apoderada, e con tódolos medios de proba de que se intente valer, coa advertencia de que é única convocatoria e que os ditos actos non se suspenderán por falta inxustificada de asistencia.

Advírtese o destinatario de que as seguintes comunicacións se farán nos estrados deste xulgado, agás as que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou se trate de emprazamento.

E para que sirva de citación ás empresas *Inversiones Convergentes, S.L.* e *Seguranza Norte, S.L.*, expídese esta cédula para a súa publicación no BOP e colocación no taboleiro de anuncios.

Santander, 14 de marzo de 2003.

A secretaria xudicial
Rubricado

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Anuncio do 11 de marzo de 2003, da Delegación Territorial de Vigo, polo que se relacionan requirimentos de documentación, pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Gómez Cid, Rosa María e outro máis).

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, segundo a redacción dada pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relaciónanse requirimentos de documentación, pendentes de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

O acto foi adoptado polo Servicio de Recadación da Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda de Vigo, en aplicación do artigo 35 da Lei xeral tributaria.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, ante o servizo de secretaría desta delegación territorial, con enderezo na rúa Concepción Arenal nº 8-3º planta, Vigo, en horario de 9 a 14 horas de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Vigo, 11 de marzo de 2003.

Pedro J. Arbolí Albarracín
Delegado territorial de Vigo

ANEXO

Interesado	Procedemento
Gómez Cid, Rosa María DNI: 44448736 Xeneral Ampudia, 3 - 513 Madrid	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte. 24355/00. (Emenda de garantía)
Rodríguez Seijo, Jesús DNI: 36068743 Avda. A Barca, 28 - 2º. Poio Pontevedra	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Liq. 620011008868. (Emenda de defectos)

Anuncio do 13 de marzo de 2003, da Delegación Territorial de Vigo, polo que se relacionan acordos de devolución de ingresos indebidos de natureza tributaria, pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Cajaraville Soutullo, Enrique e cinco máis).

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, segundo a redacción dada pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relaciónanse acordos de devolución de ingresos indebidos de natureza tributaria, pendentes de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

O acto foi adoptado polo Servicio de Recadación da Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda de Vigo, en aplicación do artigo 10 do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, ante o servizo de secretaría desta delegación territorial, con enderezo na rúa Concepción Arenal nº 8-3º planta, Vigo, en horario de 9 a 14 horas de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Vigo, 13 de marzo de 2003.

Pedro J. Arbolí Albarracín
Delegado territorial de Vigo